



Cobertura especial de TVG hoxe e mañá: música, humor e convidados

24.07.2011 Boa parte da programación do 24 e 25 estará dedicada a achegar ao público como se viven os actos festivos e institucionais desde a praza do Obradoiro

VICENTE PLAZA SANTIAGO

En sintonía co ambiente de celebración que goza a comunidade galega na súa festa grande do 25 de xullo, a CRTVG vivirá o Día de Galicia cunha programación especial para acompañar os galegos durante estas xornadas de xúbilo. Boa parte da programación da TVG do 24 e 25 de xullo estará dedicada a achegar ao público como se viven os actos festivos e institucionais que caracterizan a festa, desde o seu núcleo principal, a praza do Obradoiro de Santiago. Precisamente o contorno da Catedral será o escenario elixido polos equipos informativos para a realización dos Telexornais nestes días de ledicia en toda Galicia, namentres que pola tarde haberá unha edición especial de A Solaina de Verán. Como antesala do Día de Galicia, a TVG ofrecerá (22.00h) unha gala especial nesta noite do 24 ao 25 de xullo, A Galicia do Futuro, presentada por Xosé Ramón Gayoso, Laura Casares e Sonia López, desde o pazo de Congresos de Santiago, que reunirá artistas de primeiro nivel como Luz Casal, xunto á música e voces dalgúns dos mellores coros e grupos galegos, como Treixadura, Luar na Lubre, Ruada, Cantigas e Agarimos e Toxos e Froles.

A hora máis emocionante e agardada da velada será para ofrecer en directo (ás 23.30h), desde a praza do Obradoiro, a transmisión dos Fogos do Apóstolo e o espectáculo virtual multimedia, cun sistema innovador de 4D, que se proxectará nos muros da Catedral de Santiago, máis especial ca nunca por cumpriren 800 anos de historia. Amais deste, un dos momentos máis emotivos da gala musical estará nos primeiros minutos do 25 de xullo, cando se produza a actuación conxunta do grupo Treixadura e a Banda Unión Musical do Rosal, unha posta en escena da que son protagonistas cen músicos.

A gala musical deste domingo, contará coas actuacións de Lucía Pérez (a voz galega que estivo en Eurovisión), Malvela; El Puto Coke, Nova Galega de Danza; Davide, María Chenlo; Xosé Manuel Piñeiro e Maret, gañadora do concurso Recantos de novos valores musicais, desenvolvido por Luar, que actuará co finalista Hugo Torreiro. O final da gala terá outro punto álxido coa actuación de 150 músicos no escenario: Treixadura e os tres coros máis importantes desta noite especial.

Ofrenda do Apóstolo e as Medallas Galicia. O Día de Galicia TVG estará permanentemente no contorno da Catedral de Santiago para cubrir todos os actos institucionais e festivos da xornada; desde pola mañá, ás 10.00h, para seguir a Ofrenda do Apóstolo, co desfile de autoridades ata o interior da Basílica, con Pilar Rojo, presidenta do Parlamento galego, como delegada rexia nesta ocasión. Pola tarde, a Cidade da Cultura albergará a gala de entrega das Medallas Galicia,

tendencias@elcorreogallego.es

www.crtvg.es



A música tradicional é unha das partes fundamentais da programación especial nestas datas dende os platós da canle pública galega.

FOTO: G.